



COMUNICADO DE PRENSA.

A Coruña, Outubro de 2016

A Federación Provincial de ANPAS de Centro Público da Coruña, apoia a convocatoria de *Xornada de loita contra as Reválidas, contra a LOMCE e os recortes no noso Ensino Público* do vindeiro 26 de outubro, convocada no Estado por CEAPA e por CONFAPA en Galicia, xunto as organizacións representativas do alumnado e respaldada pola Plataforma en Defensa do Ensino Público de Galicia. Dita folga consistirá en baleirar as aulas de todos os centros educativos do país.

A convocatoria é conxunta cos nosos fillos e fillas, alumnado que está ameazado coas reválidas e que soporta a cotío nos seus centros educativos a implantación da LOMCE e os recortes impostos, atacando así o seu dereito á educación.

Presentáronse un bo número de recursos ante os tribunais; a nosa organización tamén os presentou xunto con CONFAPA e CEAPA na Audiencia Nacional, a quen solicitamos a suspensión cautelar do Real Decreto das reválidas publicado no BOE o 30 de xullo pasado. Estamos á espera do pronunciamento de dita instancia xudicial porque, de non se realizar a suspensión cautelar solicitada, as reválidas continuarán en vixencia e, chegada a data se non hai derogación expresa terán que realizarse.

Desde que se impuxo a LOMCE, asistimos tamén á aprobación reiterada de proposicións non de lei (PNL), no Congreso de Deputados e a resolucións que piden unha e outra vez a súa derogación, a paralización do seu calendario e a eliminación das reválidas. Todo isto é moi importante para amosar que o rexeitamento da lei e especificamente das reválidas, é maioritario, mais carece de forza legal que poida obrigar ao Goberno a súa anulación.

1

Os pais e as nais non queremos, nin debemos, quedar cruzados de brazos pensando que serán outros os encargados de que as probas non se realicen, porque seguramente rematarán pedindo desculpas por non facer outra cousa que realizalas aínda que recalcando que "fixeron todo o posible por evitalo pero non teñen competencia para eliminalas". Non podemos tampouco esperar a que os tribunais, agás que nos concedan a suspensión cautelar, anulen o Real Decreto de reválidas e as paralicen. Nin cabe esperar as actuacións dun Congreso que leva supeditado a un goberno en funcións cáse que un ano.

Debemos actuar e actuamos. Por iso convocamos a folga o día 26 de outubro e chamámosvos a secundala baleirando as aulas de todas as etapas do ensino. Defendamos os dereitos dos nosos fillos e fillas, sobre todo porque eles non poden defendelos agora debido á súa idade.

Sabemos que as familias que teñen fillos e fillas que aínda ven lonxe as reválidas pensarán que isto vai coas familias de quen máis perto as teñen. Non vos trabuquedes. Se só somos quen de movernos cando a ameaza cae directamente sobre nós, non poderemos esperar que os demais nos axuden cando iso suceda. Debemos actuar todos.

**Folga xeral educativa o 26 de outubro. ¡Aulas baleiras! Non ás reválidas. Non á LOMCE.**

## XUNTA DIRECTIVA